




# Manual do Sistema de Garantía de Calidade

## Facultade de Ciencias da Comunicación

6ª edición



### Identificación do centro

|                           |                                                                                      |
|---------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Centro</b>             | Facultade de Ciencias da Comunicación                                                |
| <b>Responsable</b>        | D. Xosé Ramón Pousa Estévez                                                          |
| <b>Enderezo</b>           | Avda. de Castela, S/n. Campus norte<br>15782 Santiago de Compostela                  |
| <b>Correo electrónico</b> | <a href="mailto:cc.comunicacion.decanato@usc.es">cc.comunicacion.decanato@usc.es</a> |
| <b>Teléfono</b>           | 881816555                                                                            |

### Historial de revisións

| Número | Data       | Principais modificacións                                                                                                                                                                                                                                          |
|--------|------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 00     | 21/12/2009 | Edición inicial                                                                                                                                                                                                                                                   |
| 01     | 31/05/2013 | Simplificación documental: creación do Manual Simplificado do SGIC e revisión de algúns procesos e procedementos.                                                                                                                                                 |
| 02     | 03/10/2014 | Modificación dos indicadores e informes dispoñibles dentro do SGC.                                                                                                                                                                                                |
| 03     | 22/02/2018 | Revisión e simplificación documental: supresión do Manual extenso, supresión de procesos e procedementos obsoletos.                                                                                                                                               |
| 04     | 21/09/2018 | Actualización do Manual do SGC da Facultade de Ciencias da Comunicación. Revisión e simplificación documental: supresión do Manual Marco extenso, supresión de Procesos e Procedementos obsoletos, particularización de procesos ás características da Facultade. |
| 05     | 01/03/2021 | Incorporación das Recomendacións de Mellora incluídas no Informe da Certificación Implantación do SGC da Facultade de Ciencias da Comunicación, da ACSUG, de 30 de xullo de 2019.                                                                                 |
| 06     | 24/05/2021 | Revisión das modificacións realizadas a instancias da ACSUG e aprobación do Manual do SGC da Facultade de Ciencias da Comunicación definitivo pola CCPdCG.                                                                                                        |

### Control da elaboración e aprobación

| Fase | Unidade/Órgano | Data |
|------|----------------|------|
|------|----------------|------|

|                |                                                                      |            |
|----------------|----------------------------------------------------------------------|------------|
| Elaborado por  | Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias da Comunicación        | 15/05/2018 |
| Aprobado por   | Xunta da Facultade de Ciencias da Comunicación                       | 04/06/2018 |
| Aprobado por   | Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno | 21/09/2018 |
| Modificado por | Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias da Comunicación        | 1/03/2021  |
| Aprobado por   | Xunta da Facultade de Ciencias da Comunicación                       | 10/05/2021 |
| Aprobado por   | Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno | 24/05/2021 |

## Índice

|     |                                                                                  |    |
|-----|----------------------------------------------------------------------------------|----|
| 1   | A Facultade de Ciencias da Comunicación .....                                    | 4  |
| 1.1 | Presentación .....                                                               | 4  |
| 1.2 | Organigrama .....                                                                | 4  |
| 1.3 | Órganos de goberno. Comisións. Departamentos implicados na docencia.....         | 5  |
| 1.4 | Regulamentos e normas.....                                                       | 7  |
| 2   | Alcance do Sistema de Garantía de Calidade.....                                  | 8  |
| 3   | Estrutura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade .....        | 9  |
| 3.1 | Equipo de dirección (ED).....                                                    | 9  |
| 3.2 | Comisión de Calidade do Centro(CCC) .....                                        | 9  |
| 3.3 | Responsable de calidade do centro (RCC) .....                                    | 10 |
| 3.4 | Comisión/s de título/s.....                                                      | 10 |
| 3.5 | Coordinador/a de título (CT).....                                                | 11 |
| 4   | Mapa de procesos.....                                                            | 12 |
| 5   | Indicadores e informes.....                                                      | 15 |
| 6   | Relación entre os procesos do sistema e as directrices Fides-Audit. Anexo I..... | 1  |
| 7   | Política de calidade. Anexo II.....                                              | 2  |

## 1 A Facultade/escola

### 1.1 Presentación

A Facultade de Ciencias da Comunicación, pertencente á Universidade de Santiago de Compostela, está situada no Campus Norte da citada Universidade; nela impártense, actualmente, o seguintes títulos: Grao en Comunicación Audiovisual, Grao en Xornalismo, Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual; Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación. Os dous primeiros implantáronse durante o curso 2009-2010, froito da necesidade de adaptar as ensinanzas universitarias ao Espazo Europeo de Educación Superior, acadando a acreditación oficial da ACSUG (Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia) en 2016-2017, en virtude da cal o centro que nos ocupa pode seguir desenvolvendo as ensinanzas relativas a ambos Graos. En canto ao Dobre Grao, único no SUG (Sistema Universitario de Galicia), implántase nesta Facultade en 2015-2016, sendo o Máster Universitario o título de máis recente creación, dado que se inicia no curso 2016-2017.

O edificio no que, actualmente, se desenvolve a impartición dos citados títulos, conta cunha superficie de 5.700 m<sup>2</sup>, inaugurándose no ano 2000, obra do arquitecto luso Álvaro Siza, quen gañaría con este o prestixioso Premio Secil de Arquitectura na edición de 2000. Non obstante, os estudos relativos á Licenciatura de Xornalismo iniciáronse con antelación na Universidade de Santiago de Compostela, con outra ubicación arquitectónica, no curso académico 1991/1992. Estes estudos foron pioneiros no Sistema Universitario de Galicia, e continúan sendo únicos até o momento no marco do SUG. A reubicación arquitectónica en 2000 respondeu á necesidade de adaptarse aos cambios tecnolóxicos que se estaban a asumir no entorno profesional, isto é, unha transformación dixital que esixía asumir unha formación comprometida con saberes de corte práctico en constante mutación, aos que se atendía, deste xeito, con aulas técnicas dotadas con estándares profesionais renovados. Así mesmo, a necesidade de dar cabida a novos títulos, levaba consigo un máis que previsible aumento do estudantado; feito que se materializaría en 2003 coa incorporación da, entón denominada, Licenciatura de Comunicación Audiovisual. Dende entón, o abano de títulos non deixou de se incrementar, así como a demanda social cara os mesmos.

### 1.2 Organigrama


O equipo decanal da Facultade de Ciencias da Comunicación estará composto por:

- Decano ou decana
- Vicedecanos ou vicedecanas
- Secretario ou secretaria

A Xunta de Facultade elixirá ao/á **decano/a**, de acordo co procedemento establecido na normativa electoral da Universidade de Santiago de Compostela, de entre o profesorado con vinculación permanente á Universidade e censado na Facultade, e será o/a reitor/a quen o/a nomee.

Os/as **vicedecanos/as** serán nomeados polo/a reitor/a, a proposta do/a decano/a, de entre os membros da comunidade universitaria da Facultade que reúnan os requisitos establecidos nos Estatutos da Universidade de Santiago.

O/a **secretario/a** será nomeado polo reitor, segundo a proposta do/a decano/a, de entre os profesores ou funcionarios dos subgrupos A1 e A2 censados no centro.



### 1.3 Órganos de goberno. Comisións. Departamentos implicados na docencia

De acordo cos Estatutos da USC, os órganos de goberno e administración da Facultade de Ciencias da Comunicación son os seguintes:

- A Xunta de Facultade
- Decano ou decana
- Os vicedecanos ou vicedecanas
- Secretario ou secretaria

**A Xunta de Facultade** é o órgano colexiado de goberno da Facultade, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da Facultade e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión. A Xunta de Facultade estará composta por:

- a) O/a decano/a, que a convocará e presidirá.
- b) Os/as vicedecanos/as.
- c) O/a secretario/a do centro, que actuará así mesmo como secretario/a da Xunta.
- d) O/a responsable da unidade de apoio á xestión de centros e departamentos.
- e) O/a director/a da Biblioteca da Facultade.
- f) O persoal docente e investigador (PDI) e persoal investigador en formación con docencia na Facultade e censado nela, así como o non censado que teña nela un encargo docente igual ou superior ao 35% da capacidade docente dun profesor a tempo completo. Así pois:
  - Todo o profesorado con vinculación permanente á Universidade, que representará ó 51%.
  - O resto, sempre que non exceda ó 10%.
- g) Unha representación do estudantado do 32%.
- h) Unha representación do persoal de administración e servizos (PAS) censados na Facultade, nunha proporción do 7% do total da Xunta, se ben cun mínimo de dous.

A **Comisión Permanente** da Xunta de Facultade estará composta por:

- a) O/a decano/a, que a preside e convoca.
- b) O/a secretario/a, que tamén o será da comisión permanente.
- c) Os/as vicedecanos/as.
- d) Os/as directores/as dos departamentos que teñan a súa sé na Facultade.
- e) Unha representación proporcional dos distintos sectores que integran o pleno da Xunta, distribuídos do seguinte xeito:
  - 3 representantes do PDI (con e sen vinculación permanente)
  - 2 representantes do estudantado
  - 1 representante do PAS

**Comisións delegadas** da Xunta de Facultade:

- o **Comisión Académica e de TFG**: do Grao en Comunicación Audiovisual e do Grao en Xornalismo, que terá a composición que determinen as normas xerais da USC (art. 3.5 do Regulamento das titulacións Oficiais de Grao e Mestrado) para todos os graos ou se concreten de acordo con aquelas no regulamento do TFG.
- o **Comisión Académica do Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación**, que terá a composición que determinen as normas xerais da USC para todos os mestrados (art. 3.5 do Regulamento das titulacións Oficiais de Grao e Mestrado).
- o **Comisión Económica e de Infraestruturas**, que estará composta por:
  - Decano/a ou membro do equipo decanal en quen delegue.
  - 2 representantes do profesorado con vinculación permanente.
  - 1 representante do profesorado sen vinculación permanente.
  - 2 representantes do sector de estudantes.
  - 1 representante do PAS, que será o responsable de asuntos económicos do centro.
- o **Comisión de Normalización Lingüística**, que estará formada por:
  - Decano/a ou persoa do equipo decanal en quen delegue.
  - 2 representantes do profesorado con vinculación permanente.
  - 1 representante do profesorado sen vinculación permanente.
  - 1 representante do alumnado.
  - 1 representante do PAS.
- o **Comisión de Actividades Extracurriculares e de Xénero**, que estará composta por:
  - Decano/a, ou persoa do equipo decanal en quen delegue.
  - 2 representantes do profesorado con vinculación permanente.
  - 1 representante do profesorado sen vinculación permanente.
  - 2 representantes do sector de estudantes.
  - 1 representante do PAS.

Ademais das Comisións delegadas da Xunta de Facultade, existen **outras Comisións estables non delegadas** da Xunta de Facultade:

- o **Comisión de Biblioteca e Mediateca**, que terá a composición que determinen as normas xerais da USC, e que no caso da Facultade de Ciencias da Comunicación está composta por:
  - Delegado decanal.
  - 2 representantes do profesorado con vinculación permanente.
  - 1 representante do profesorado sen vinculación permanente.
  - 2 representantes do sector de estudantes.
  - 1 representante do PAS que se concreta na dirección da biblioteca.

- o **Comisión de Calidade do Centro.**
- o **Comisión de Mobilidade**, que estará formada por:
  - O decano/a ou persoa do equipo decanal en quen delegue.
  - O/a responsable académico de mobilidade.
  - Os/as coordinadores/ras de mobilidade.
  - O/a responsable da Unidade de apoio á xestión de centros e departamentos.

O funcionamento destes órganos está rexido polo Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias da Comunicación.

#### **Departamentos implicados na docencia:**

Os departamentos da Universidade de Santiago de Compostela implicados na docencia da Facultade de Ciencias da Comunicación son os seguintes:

- Departamento de Ciencias da Comunicación.
- Departamento de Ciencia Política e Socioloxía.
- Departamento de Dereito Común.
- Departamento de Economía Aplicada.
- Departamento de Economía Cuantitativa.
- Departamento de Electrónica e Computación.
- Departamento de Filoloxía Galega.
- Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá.
- Departamento de Historia.
- Departamento de Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral.
- Departamento de Organización de Empresas e Comercialización.

### **1.4.Regulamentos e normas**

A Facultade de Ciencias da Comunicación réxese polas normativas xerais da USC e polo seu Regulamento de réxime interno (aprobado por acordo da Xunta de Facultade do 31 de marzo de 2016 e ratificado por acordo do Consello de Goberno do 3 de maio de 2016).

Así mesmo, deben considerarse os seguintes documentos:

- Memoria verificada do Grao en Comunicación Audiovisual ([premer aquí](#))
- Memoria verificada do Grao en Xornalismo ([premer aquí](#))
- Memoria verificada do Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación: Novas Tendencias en Produción, Xestión e Difusión do Coñecemento ([premer aquí](#))

## 2. Alcance do Sistema de Garantía de Calidade

O Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias da Comunicación alcanza a todas as titulacións oficiais impartidas nela e das que é responsable, tanto de grao como do máster universitario. Así mesmo, alcanza a todas as persoas (alumnado, persoal docente e de apoio) vinculadas a el.

En conxunto, o SGC da Facultade contempla o deseño da oferta formativa, a avaliación e revisión do seu desenvolvemento, así como a toma de decisións para a mellora continua. Así mesmo, recolle a planificación dos obxectivos a acadar, de acordo coa estratexia da universidade e da propia facultade, e a revisión periódica do funcionamento do sistema, en orde a garantir a súa utilidade para todos os grupos de interese.

### Ciclo de mellora da formación universitaria



Figura 1. Adaptación propia a partir da "Guía para el diseño de SGIC de la formación universitaria. Programa AUDIT. ANECA"

### 3. Estrutura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade

#### 3.1. Equipo de dirección (ED)

O equipo de dirección do centro, e en particular o seu decano como principal responsable, actúa como corresponde á dirección de calquera organización comprometida co desenvolvemento, establecemento, revisión e mellora dun sistema de xestión da calidade.

Respecto ao SGC, as funcións principais do citado equipo son as seguintes:

- Definir a planificación estratéxica do centro, concretada a través do plan estratéxico (PE), de carácter quinquenal, e a memoria de calidade do centro (MCC), de carácter anual.
- Comprometerse coa política e obxectivos de calidade do centro, dándolles a difusión oportuna entre os grupos de interese.
- Liderar o desenvolvemento, a implantación, a revisión e mellora do SGC do centro.
- Nomear ao responsable de calidade do centro, sempre que o/a decano non asuma as competencias.
- Propoñer á Xunta de Facultade, para a súa aprobación, a composición da Comisión de Calidade e, no seu caso, as das comisións de títulos (graos e máster) no marco das normas que determinan a súa composición.
- Garantir o bo funcionamento do SGC do centro.
- Informar a todas as persoas do centro dos cambios que se realicen no SGC.
- Garantir que todas as persoas do centro teñan acceso aos documentos do SGC que lles sexan de aplicación.
- Informar á Xunta de Facultade dos traballos e acordos da Comisión de Calidade.
- Presentar á Xunta de Facultade, para a súa aprobación, a memoria de calidade do centro (MCC).

#### 3.2. Comisión de Calidade do Centro (CCC)

A Comisión de Calidade do Centro (CCC) é un órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC da Facultade, actuando ademais como medio de difusión interna do sistema e dos seus logros.

Serán membros da CCC, cando menos:

- Decano/a ou director/a do centro (presidente/a)
- Responsable de calidade do centro (RCC)
- Coordinadores/as de titulación/s oficiais adscritas a facultade
- O/a responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos
- 1 alumno/a como mínimo, que será neste caso un alumno/a-titor/a ou representante do estudiantado

Ademais, o decano cando o considere oportuno, pode propoñer outros membros á Xunta de Facultade para o bo funcionamento do SGC, mesmo con voz e sen voto.

A CCC reunirase coa periodicidade marcada na súa planificación, cando menos unha vez en cada semestre, e levantará acta de cada unha das sesións, facendo públicas as decisións tomadas a través da publicación dos acordos adoptados na web da facultade.

As funcións principais da CCC son as seguintes:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGC no centro.
- Elaborar a memoria de calidade do centro (MCC).
- Fomentar a realización e o seguimento periódico do plan de melloras anual do centro.
- Estimular a participación de todos os colectivos implicados na avaliación e mellora da calidade das titulacións que se imparten no centro.
- Realizar o seguimento dos resultados do centro.
- Propoñer ao equipo de dirección a información que debe ser pública.
- A comisión elabora e propón modificacións se é o caso, dos informes de resultados ou seguimento/acreditación elaborados polas comisións de títulos.

### 3.3. Responsable de calidade do centro (RCC)

O decano asume persoalmente as funcións relacionadas a continuación ou ben poderá nomear a un/a responsable de calidade do centro (RCC), como é o caso, entre os membros do equipo de dirección. De xeito que a citada responsabilidade recae nunha das vicedecanas da Facultade.

Con independencia doutras funcións que se lle asignen no momento do seu nomeamento, as funcións básicas do/a RCC poden concretarse en:

- Coordinar o funcionamento da CCC.
- Trasladar á CCC e á/s comisión/s de título/s a información sobre resultados de aprendizaxe, inserción laboral, satisfacción dos grupos de interese, así como de calquera outra relacionada con resultados que poida afectar á calidade da formación.
- Realizar propostas á CCC para mellorar o SGC do Centro.
- Ser o/a interlocutor/a coa Área de Calidade e Mellora dos Procedementos.
- Atender as indicacións e requirimentos dados pola vicerreitoría con competencias en calidade para implantar os axustes e melloras do SGC nos centros aprobados pola Comisión delegada do Consello de Goberno con competencias en calidade e planificación.
- Dirixir a elaboración da memoria de calidade do centro.

### 3.4. Comisión/s de título/s

A Facultade conta coas seguintes comisións de títulos:

1. Comisión Académica e de TFG, para o Grao en Comunicación Audiovisual e para o Grao en Xornalismo.
2. Comisión Académica do Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación.

A súa composición será a seguinte:

- O/A responsable do centro ou persoa en que delegue, que a presidirá.
- O/A responsable de calidade do centro (RCC), dado que é distinto ao/á responsable do centro.
- Un/ha coordinador/a que será PDI do título: 2 coordinadores no caso da CA e de TFG; 1 coordinador no caso da CA do M.
- Un/ha secretario/a, que será elixido/a entre os membros da comisión.

- Un mínimo de 4 e un máximo de 12 membros do PDI, que serán elixidos segundo o regulamento de réxime interno do centro entre os docentes do título cunha representación proporcional á encarga lectiva das súas áreas de coñecemento e departamentos (*salvo que o regulamento de réxime interno ou este documento especifique outro número e/ou representación*). En casos debidamente xustificadas (coordinación horizontal e vertical do título) este número poderá ser maior. O número mínimo poderá ser inferior a 4 no caso de títulos interuniversitarios cunha participación minoritaria da USC ou cun número elevado de universidades participantes, segundo estableza o convenio interuniversitario. Os representantes do PDI na comisión do título deberán ter dedicación a tempo completo na USC (*agás que o regulamento de réxime interno e/ou SGC do centro permita unha dedicación distinta*). Na Facultade de Ciencias da Comunicación optouse por 6 representantes do PDI no caso da CA de Máster, e 4 representantes do PDI no caso da CA e de TFG.
- Cando o título se imparta en distintos centros, e o centro responsable do título sexa o único que figura na memoria verificada, deberá formar parte da comisión cadanseu representante dos demais centros nos que se imparta o título. Non obstante, non é o caso.
- O/a responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamento.
- Un mínimo dun/dunha estudante do título (preferiblemente alumno/a-titor/a ou representante do alumnado). Neste caso optouse por 1 representante no caso da CA do Máster, e 3 representantes no caso da CA e de TFG, dous dos cales pertencen ao alumnado titor.
- Poderán participar (con voz pero sen voto) na comisión, cando así o demande a natureza do título, profesorado externo, egresados/as, profesionais ou representantes de colexios ou sociedades profesionais.

A comisión dos graos e a do mestrado velarán polo funcionamento ordinario do título, terán as funcións que estableza o regulamento de titulacións oficiais de grao e mestrado vixente en cada momento, así como outras que podan contemplarse no Regulamento de réxime interno da Facultade ou noutras normativas.

En relación co Sistema de Garantía de Calidade, entre as funcións de ambas comisións cabe destacar as seguintes:

- Analizar a información proporcionada polo/a coordinador/a do título e o/a RCC para levar a cabo o seguimento do título.
- Realizar o seguimento periódico do título e elaborar os informes correspondentes.
- Realizar as propostas de mellora, derivadas dese seguimento, para o seu traslado á CCC e a súa incorporación, de ser o caso, ao plan de melloras do centro.
- Elevar proposta, de ser o caso, de modificación ou supresión do título, se así se deriva do seu seguimento periódico.

### 3.5. Coordinador/a de título (CT)

Os/As coordinadores/as de título serán os responsables do título de grao ou máster, e serán nomeados/as polo/a reitor/a da USC.

Ostentarán as funcións que estableza o regulamento de titulacións oficiais de grao e máster vixente, así como as seguintes funcións, entre outras, en relación co SGC:

- Velar para que os procesos relativos á titulación sexan realizados segundo as directrices establecidas polo SGC.

- Presentar á Comisión de Calidade do Centro o informe de seguimento/acreditación ou de resultados de acordo co proceso *PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas*, informándoa das actuacións das respectivas comisións de títulos: seguimento do/s título/s, valoración da súa eficacia e proposta de accións de mellora.
- Recompilar, xunto co RCC, todos os datos necesarios para que a comisión de título correspondente poida realizar as diferentes análises de resultados do título, establecer accións de mellora ou propostas de modificación ou supresión do título.
- Velar pola implantación das melloras da titulación aprobadas, que sexan da súa competencia, e impulsar a implantación daquelas que correspondan a outras instancias.

#### 4. Mapa de procesos

O SGC concrétese en 8 procesos institucionais a través dos que a universidade asegura a calidade da súa oferta académica, a dispoñibilidade dos recursos humanos e materiais necesarios e o enfoque á mellora continua.

A nivel de centro (Facultade de Ciencias da Comunicación) concrétese en 13 procesos, cuxo desenvolvemento figura no Manual de Procesos do Sistema de Garantía de Calidade.

##### Nivel institucional

##### Procesos institucionais

PI-01 Deseño, modificación e extinción de programas

PI-02 Auditoría interna

PI-03 Xestión dos recursos humanos

PI-04 Xestión dos recursos materiais e servizos

PI-05 Xestión documental

PI-06 Medición e mellora

PI-07 Xestión de incidencias (SQR)

PI-08 Satisfacción, expectativas e necesidades

##### Nivel de centro – Facultade de Ciencias da Comunicación

##### Procesos estratéxicos

##### Planificación

PE-01 Planificación estratéxica

PE-02 Revisión e mellora

##### Procesos clave

##### Organización e desenvolvemento dos programas

PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación

PC-02 Planificación das ensinanzas

PC-03 Apoio a estudantes

PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas

PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas

### Procesos de soporte

#### Xestión dos recursos

PS-01 Xestión dos recursos humanos

PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos

#### Xestión de apoio ao sistema

PS-03 Xestión documental

PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades


PS-05 Xestión das incidencias (SQR)

#### Información pública e transparencia

PS-06 Información pública

O seguinte gráfico recolle o mapa de procesos integrados no SGC e as súas relacións:

## MAPA DE PROCESOS



## 5. Indicadores e informes

A Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) será a responsable de proporcionar os indicadores e informes establecidos no proceso institucional *PI-06 Medición e mellora*.

Desde a ACMP definiranse anualmente os indicadores e informes a empregar. A lista de indicadores e informes será remitida aos centros e estará dispoñible na páxina web da Facultade de Ciencias da Comunicación.

A Facultade de Ciencias da Comunicación asume, así mesmo, os seguintes indicadores de carácter propio:

- o Desenvolvemento e satisfacción cos traballos de fin de grao e dobre grao.
- o Continuidade coa formación e inserción laboral dos egresados dos graos e do dobre grao.

## 6. Relación entre os procesos do Sistema e as directrices Fides-Audit (Anexo I)

A continuación recóllense as relacións entre os procesos establecidos no Sistema e as directrices Fides-Audit sobre deseño de sistemas de garantía de calidade:

| Procesos do sistema     |                                                     | Directrices Fides-Audit           |                                           |                                                                        |                                                      |                                                                       |                     |
|-------------------------|-----------------------------------------------------|-----------------------------------|-------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------|---------------------|
|                         |                                                     | Política e obxectivos de calidade | Deseño e mellora dos programas formativos | Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante | Garantía da mellora da calidade dos recursos humanos | Garantía da mellora da calidade dos recursos materiais e dos servizos | Información pública |
| Procesos institucionais | PI-01 Deseño, modificación e extinción de programas |                                   | X                                         | X                                                                      | X                                                    | X                                                                     | X                   |
|                         | PI-02 Auditoría interna                             | X                                 | X                                         | X                                                                      | X                                                    | X                                                                     | X                   |
|                         | PI-03 Xestión dos recursos humanos                  |                                   |                                           |                                                                        | X                                                    |                                                                       | X                   |
|                         | PI-04 Xestión dos recursos materiais e servizos     |                                   |                                           |                                                                        |                                                      | X                                                                     | X                   |
|                         | PI-05 Xestión documental                            |                                   |                                           |                                                                        |                                                      |                                                                       | X                   |
|                         | PI-06 Medición e mellora                            | X                                 | X                                         | X                                                                      | X                                                    | X                                                                     | X                   |
|                         | PI-07 Xestión de incidencias (SQR)                  |                                   | X                                         | X                                                                      | X                                                    | X                                                                     | X                   |
|                         | PI-08 Satisfacción, expectativas e necesidades      | X                                 | X                                         | X                                                                      | X                                                    | X                                                                     | X                   |
| Procesos de centro      | PE-01 Planificación estratéxica                     | X                                 | X                                         | X                                                                      | X                                                    | X                                                                     | X                   |
|                         | PE-02 Revisión e mellora                            | X                                 | X                                         | X                                                                      | X                                                    | X                                                                     | X                   |
|                         | PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación      |                                   | X                                         | X                                                                      |                                                      |                                                                       | X                   |
|                         | PC-02 Planificación das ensinanzas                  |                                   | X                                         | X                                                                      | X                                                    | X                                                                     | X                   |
|                         | PC-03 Apoio a estudantes                            |                                   | X                                         | X                                                                      |                                                      |                                                                       | X                   |
|                         | PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas                |                                   | X                                         | X                                                                      | X                                                    | X                                                                     | X                   |
|                         | PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas |                                   | X                                         | X                                                                      | X                                                    | X                                                                     | X                   |
|                         | PS-01 Xestión dos recursos humanos                  |                                   |                                           |                                                                        | X                                                    |                                                                       | X                   |
|                         | PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos     |                                   |                                           |                                                                        |                                                      | X                                                                     | X                   |
|                         | PS-03 Xestión documental                            |                                   |                                           |                                                                        |                                                      |                                                                       | X                   |
|                         | PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades      | X                                 | X                                         | X                                                                      | X                                                    | X                                                                     | X                   |
|                         | PS-05 Xestión das incidencias (SQR)                 |                                   | X                                         | X                                                                      | X                                                    | X                                                                     | X                   |
|                         | PS-06 Información pública                           | X                                 | X                                         | X                                                                      | X                                                    | X                                                                     | X                   |

## 7. Política e obxectivos de calidade. Anexo II

A Facultade de Ciencias da Comunicación é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario, de cara a garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no mesmo.

Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu Plan Estratéxico e o Plan de Calidade), a Facultade ven executando a súa propia política, habilitando un vicedecanato específico de calidade e sinalando como principal obxectivo desta o desenvolvemento de programas formativos avalados por unha xestión baseada nas directrices de calidade. Para todo o cal existe o compromiso de empregar os recursos humanos e materiais dispoñibles, no marco do cumprimento da normativa vixente e dos criterios e directrices establecidos.

Consecuentemente, esta Facultade adquire o firme compromiso de garantir a calidade, abordada e definida no marco do seu SGC, e establece a súa política baixo os principios que seguen:

- **Responsabilidade:** proporcionar unha formación, no eido do xornalismo e da comunicación audiovisual, dirixida cara á excelencia garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas dos seus usuarios, nomeadamente un alumnado de excelencia, e da sociedade en xeral, quen demanda da Universidade a profesionalización dos seus medios de comunicación e, máis amplamente, das súas industrias culturais e creativas, como garantes das estruturas democráticas e da consolidación da cultura.
- **Integración, participación e igualdade:** esta Facultade establece como un dos principios clave da súa política, que todas as necesidades dos seus grupos de interese sexan atendidas, habilitando numerosas vías de manifestación de opinións, desacordos e protestas, e que todos participen no desenvolvemento da Facultade a través das múltiples vías establecidas para iso, nomeadamente mediante a ampla representación nos diferentes órganos de xestión; garantindo en suma a accesibilidade, a participación e a igualdade.
- **Orientación ao alumnado:** este centro garante no seu programa formativo a orientación ao alumnado, entendendo que é o principal receptor deste. O coidado da figura do alumnado titor, a incentiación da designación de alumnado representante nos órganos de goberno do centro, a designación de delegados de curso, así como o desenvolvemento intensivo e extensivo da coordinación docente, así o atestigua.
- **Transparencia:** esta Facultade basea a xestión do seu programa formativo na transparencia nos seus resultados e na difusión destes aos seus grupos de interese e á sociedade en xeral. Todo o cal pode apreciarse no uso dado á nosa web, como principal ámbito de publicación de datos relativos aos indicadores de calidade, e mesmo no carácter preciso e transparente das nosas Memorias anuais de calidade.
- **Excelencia:** o traballo desta Facultade realízase tendo como meta alcanzar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria e as principais Escolas e Facultades recoñecidas, tanto no entorno do SUG, como nos contextos español e europeo.

Se establecen as seguintes liñas estratéxicas xerais e obxectivos xerais que constitúen a política de calidade do centro:

- Planificar os estudos mediante estándares de eficacia relativos aos recursos materiais e humanos dispoñibles.
- Garantir o desenvolvemento de programas formativos que contemplan a orientación ao estudantado, mediante actividades sitas ao inicio, durante e ao final dos estudos; a atención á diversidade de perfís e necesidades intrínseca a este Grupo de Interese; o ofrecemento de actividades formativas complementarias destinadas á consecución de competencias transversais; a incentiación das prácticas externas; o fomento da mobilidade saínte e entrante.

- Coidar das condicións laborais dos diferentes colectivos de profesionais que integran a Facultade, o que inclúe a promoción da conciliación laboral e familiar nas pautas organizativas do centro; mantemento dunha plantilla docente estable e suficiente para realizar o labor formativo requirido polos nosos títulos, cuxo labor sexa recoñecido e valorado; fomento da formación continuada, tanto da institucional como da específica para o PDI das áreas de coñecemento especificamente vinculadas aos nosos títulos; esta formación igualmente será fomentada entre o PAS da Facultade.
- Coidar da calidade dos recursos materiais e servizos, mediante un axeitado mantemento e actualización do equipamento, das aulas técnicas e, en xeral, das instalacións, que permitan dar apoio aos programas formativos. Asemade, atender aos protocolos de prevención de riscos e seguridade laboral, así como ás necesidades relativas á accesibilidade e integración de persoas con necesidades especiais.
- Utilizar a avaliación e o seguimento dos resultados da formación para a actualización e mellora dos procesos formativos, en concreto, os resultados de aprendizaxe, a adecuación das competencias ao exercicio profesional, e unha maior satisfacción dos grupos de interese implicados.
- Garantir a dispoñibilidade pública de toda a información relevante para os distintos grupos de interese en relación coa oferta formativa do centro, coa finalidade de facilitar a ulterior toma de decisións informada, así como de posibilitar a participación de ditos grupos nos procesos de mellora.
- Desenvolver e implantar o Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias da Comunicación.

A Dirección desta Facultade adquire o compromiso permanente coa mellora continua do seu programa formativo, para o cal o decano subscribe este documento de política de calidade.

O decano, Xosé Ramón Pousa Estévez

Sinatura electrónica do decano/a do centro

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** JOSE RAMON POUSA ESTEVEZ, DECANO A DA FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 24/06/2021 09:58:56.

**CSV:** 0C84-5FF1-4012-A3DE